



O Xacobeo 2010 preséntase o venres en Fitur aos operadores turísticos

REDACCIÓN

GALICIA

galicia@xornaldegalicia.com

O Xacobeo 2010 presentarase aos principais operadores turísticos nacionais e internacionais e aos medios de comunicación o próximo venres, no *stand* de Galicia de la Feria internacional de Turismo (Fitur).

Segundo destacou o Executivo autonómico, Alberto Núñez Feijóo –que presidirá o acto– recalcará a importancia dun evento destas características, no que durante un ano Galicia se vai converter no escenario dalgúns dos principais eventos culturais, científicos, sociais e turísticos “máis relevantes de todo o país”.

O espazo que deseñou Turgalicia ten unha superficie de máis de 1.400 metros cadrados e, segundo o Goberno, presentarase “coas estéticas galegas máis vanguardistas e tradicionais”. Dentro do recinto, ademais, distribuiranse apartados que se refiren ao turismo de Galicia, ás cidades

O espazo de Galicia tamén promocionará o turismo urbano, de costa e de interior

galegas, aos patrimónios da humanidade, ao interior e á costa. Outros produtos que a Consellería de Cultura e Turismo busca potenciar serán o turismo de saúde e a náutica.

Os visitantes poderán contemplar, así mesmo, o martelo que o Arcebispo de Santiago, Julián Barrio, utilizou para derrubar o muro de pedra da Porta Santa, acto que representa o inicio do Ano Santo.

FORO DE EXCELTUR

Por outra banda, Alberto Núñez Feijóo tamén estará presente mañá no V Foro de liderado turístico de Exceltur, no Pazo de Congresos de Madrid, onde participará nun coloquio cos presidentes de Baleares e Canarias, Francesc Antich e Paulino Rivero. Durante a xornada, exporá “a súa visión e experiencia sobre o turismo actual e sobre como promover novos modelos de crecemento de maior valor engadido e impacto socioeconómico”. ■